

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 22 DE MAIO DE 2020

Ás 09:30 horas do día 22 de maio de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 19 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. Cristina Gómez García (asiste ao punto 3)
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 9b e 10b)
D^a. María José Loureiro Bada (asiste aos puntos 9a e 10a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

3.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos para a xestión do programa de atención psicolóxica para menores fillas/os de mulleres vítimas de violencia de xénero (9.846-224)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses co único licitador presentado a este procedemento, GABINETE DE PSICOLOGÍA KARMA, S.L.P., segundo consta na plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Acto seguido procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A (documentación persoal e proposición avaliable mediante xuízo de valor).

Compróbase, en primeiro lugar, a documentación persoal e acórdase, por unanimidade, admitir neste procedemento a GABINETE DE PSICOLOGÍA KARMA, S.L.P. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

A continuación ábrese a "Proposición avaliable mediante xuízo de valor".

A Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor sobre a



documentación técnica.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria dos colexios públicos da Cidade de Vigo (23.692-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 14 de maio de 2020 de valoración do sobre C "*proposición avaliábel mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do xestor de BBDD INFORMIX, do conector INFORMIX GATEWAY e da ferramenta de BACKUP SPECTRUM PROTECT (9.058-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 18 de maio de 2020 de valoración do sobre C "*proposición avaliábel mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria dos colexios públicos da Cidade de Vigo (23.692-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento integral das instalacións de calefacción e auga quente sanitaria dos colexios públicos da Cidade de Vigo (23.692-332) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.	100,00



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:57	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A144-CCDH2F-B4D221-BMF7B7-DQZ9LP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitadores	Puntuación
2	COMSA SERVICE FACILITY MANAGEMENT, S.A.U.	98,09
3	VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U.	91,25
4	SACYR FACILITIES, S.A.	90,85
5	ELECNOR, S.A.	89,30
6	INERPROMA MEDIOAMBIENTE, S.L.	81,97
7	ANGEL ROADE, S.L.	71,24
8	GALTECMA SOCIEDAD COOPERATIVA	69,68
9	CLECE, S.A.	66,18
10	ANCIN CLIMA, S.A.	58,26
11	MONCOBRA, S.A.	48,28

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L. (B-15.448.004), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do xestor de BBDD INFORMIX, do conector INFORMIX GATEWAY e da ferramenta de BACKUP SPECTRUM PROTECT (9.058-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do xestor de BBDD INFORMIX, do conector INFORMIX GATEWAY e da ferramenta de BACKUP SPECTRUM PROTECT (9.058-113) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	INFORHOUSE, S.L.	86,96
2	ALDEXTRA BUSINESS & TECHNOLOGY, S.L.	76,67
3	DACARTEC SERVICIOS INFORMATICOS, S.L.U.	0,33

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INFORHOUSE, S.L. (B-36.112.803), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.



2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a subministro de material de oficina consumible (6.414-241)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en segundo lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a subministro de material de oficina consumible (6.414-241)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 16 de xaneiro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- - Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, do subministro de material de oficina.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral en ausencia da xefa do Servizo de Contratación de data 7 de xaneiro de 2020.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de administración xeral en ausencia da xefa do Servizo de Contratación e a xefa da Área de Réxime Interior de data 17 de decembro de 2019.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 27.000 € (vinte dous mil euros), que inclúe un IVE (21%) de 4.685,95 € (catro mil seiscentos oitenta e cinco con noventa e cinco céntimos), con cargo á aplicación orzamentaria 9206.2200002 "MATERIAL



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:57	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A144-CCDH2F-B4D221-BMF7B7-DQZ9LP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

OFICINA", segundo o seguinte detalle:

2020: 26.000€

2021: 1.000 €

Quinto.- *Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 3 de marzo de 2020, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 3 de marzo de 2020, dos licitadores que deseguido se relacionan porque os prezos totais por eles ofertados non gardan concordancia coa documentación examinada e admitida (cláusula 14.2B do PCAP):

1. CARLINGAL, S.L.
2. PAIPEL-OR, S.L.
3. SUPPLIES ELECTRONICS IMAGING NET FOR OFFICES,S.L.
4. LYRECO ESPAÑA, S.A.
5. GRUPO DISOFIC

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a subministro de material de oficina consumible (6.414-241) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	VISTALEGRE SUMINISTRO INTEGRAL A OFICINAS, S.L.	95,82 puntos
2	PAZ DISMAC, S.L.	81,25 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VISTALEGRE SUMINISTRO INTEGRAL A OFICINAS, S.L. (B-14.404.065), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- *Acreditación da constitución da garantía definitiva.*
- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.*
- *Documentación que conste no seu poder que acredite a realización dos subministros declarados no Sobre B, segundo o esixido na cláusula 8.5.3º do PCAP".*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, VISTALEGRE SUMINISTRO INTEGRAL A OFICINAS, S.L., o día 4 de marzo de 2020, que presenta a documentación requirida 11 de marzo, dentro do prazo concedido.



Cuarto.- A Xunta de Goberno local, en relación co impacto na contratación municipal da normativa ditada para xestionar a crise derivada do COVID-19 (expte. 6446/241), na sesión que tivo lugar o 9 de abril de 2020, adoptou o seguinte acordo:

1º.- *Excepcionar da regra xeral de suspensión dos prazos administrativos polas razóns expostas e continuar coa tramitación das seguintes actuacións e procedementos:*

- *A tramitación interna dos expedientes de contratación.*
- *A emisión de informes de valoración de ofertas solicitados pola Mesa de contratación ós técnicos municipais.*
- *A celebración de sesións pola Mesa de Contratación para garantir a continuación da tramitación dos expedientes de contratación.*
- *A presentación da documentación esixida o primeiro clasificado se as empresas clasificadas manifestan a súa conformidade.*
- *A formalización dos contratos nos que concorran as circunstancias previstas no apartado I.A.3.*
- *Procedementos de modificación de contratos.*
- *Procedementos de cesión de contratos.*
- *Procedementos de resolución dos contratos en execución se media a conformidade do contratista.*
- *Procedementos de prórroga dos contratos.*

2º.- *Naqueles supostos que os procedementos non estean suspendidos conforme ó disposto no apartado 4 da disposición adicional 3º do RD 463/2020, deberá xustificarse esta circunstancia.*

3º.- *Dar traslado do presente acordo ao conxunto das Áreas Delegadas de Goberno municipal, e ós responsables das áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos.*

4º.- *Dar publicidade ao presente acordo na Intranet municipal".*

Quinto.- Constan no expediente declaracións asinadas polos representantes dos dous licitadores clasificados neste procedemento (D. Francisco Pérez Cubero, con DNI **.11.15*, en representación de Vistalegre Suministro Integral a Oficinas, S.L e D. Antonio Iglesias Miranda, con DNI **.55.34*, en representación de PAZ DISMAC, S.L.) na que manifestan a súa conformidade coa non suspensión dos prazos neste expediente.

Sexto.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de abril de 2020 revisou a documentación presentada e acordou, por unanimidade, conceder un prazo de 5 días a VISTALEGRE SUMINISTRO INTEGRAL A OFICINAS, S.L. para que puidese emendar a documentación, concretamente o seguro de caución e a solvencia técnica.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:57	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A144-CCDH2F-B4D221-BMF7B7-DQZ9LP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Durante o prazo concedido o licitador non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 159.4 da LCSP e a cláusula 22 do PCAP.

Sétimo.- A Mesa de Contratación, na sesión do 7 de maio de 2020, adoptou o seguinte acordo:

"Requirir ao licitador clasificado en segundo lugar, PAZ DISMAC, S.L., seguindo a orde de clasificación acordada na sesión do 3 de marzo de 2020, para que presente, no prazo de 7 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22 do PCAP, por estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia:

1. *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*
2. *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
3. *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V".*

Oitavo.- O acordo anterior foi notificado a PAZ DISMAC, S.L. o 8 de maio de 2020, que presenta a documentación requirida o 14 de maio, dentro do prazo concedido.

Noveno.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de maio de 2020 revisou a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar PAZ DISMAC, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Dado que o licitador clasificado en primeiro lugar non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 159.4 da LCSP e a cláusula 22 do PCAP, a segunda oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PAZ DISMAC, S.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula de data 27 de febreiro de 2020.

Terceiro.- De conformidade co primeiro punto da disposición adicional terceira do RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo "*suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público (...)*". Así mesmo, no seu punto 3 establece "*No entanto o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo*".

Cuarto.- A disposición adicional oitava do Real Decreto-lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019 establece "Para os efectos previstos no apartado 4 da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, desde a entrada en vigor deste real decreto-lei acórdase o levantamento da suspensión dos termos e interrupción dos prazos dos procedementos de contratación promovidos por entidades pertencentes ao Sector Público, no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sempre e cando a súa tramitación se realice por medios electrónicos. O disposto no parágrafo anterior permitirá igualmente o inicio de novos procedementos de contratación cuxa tramitación se leve a cabo tamén por medios electrónicos. Esta medida estenderase aos recursos especiais que procedan en ambos casos.

A este expediente resúltalle de aplicación o previsto na citada disposición ao tramitarse por medios electrónicos.

Quinto.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a PAZ DISMAC, S.L. (B-36.062.180) o procedemento aberto simplificado para a subministro de material de oficina consumible (6.414-241)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:57	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A144-CCDH2F-B4D221-BMF7B7-DQZ9LP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



por un prezo total de 27.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.685,95 euros, cunha porcentaxe de desconto único do 35% a aplicar aos prezos unitarios non incluídos no PPT pero pertencentes as mesmas familias de materiais do contrato e de acordo cos prezos unitarios recollidos na súa oferta.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:57	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A144-CCDH2F-B4D221-BMF7B7-DQZ9LP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		